

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

RESOLUCIÓN do 17 de febreiro de 2014, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se nomea o tribunal cualificador do concurso-oposición para o ingreso na categoría de médico/a de urxencias hospitalarias do Servizo Galego de Saúde.

Por Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, con data do 30 de abril de 2013 (*Diario Oficial de Galicia* nº 91, do 14 de maio) convocouse concurso-oposición para o ingreso na categoría de médico/a de urxencias hospitalarias do Servizo Galego de Saúde.

Na súa base sétima dispónse que o tribunal cualificador do concurso-oposición será nomeado pola autoridade convocante cunha antelación mínima dun mes ao da data de realización das probas, publicándose para este efecto a oportuna resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

De conformidade coa antedita base, esta dirección, como órgano convocante do proceso,

ACORDA:

Primeiro. Nomear os membros do tribunal, titulares e suplentes, que vulgaran o proceso selectivo convocado pola Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, con data do 30 de abril de 2013 (DOG nº 91, do 14 de maio), e que aparecen relacionados no anexo desta resolución.

Segundo. Declarar de aplicación a este proceso as normas de funcionamento e actuación dos tribunais e persoal colaborador negociadas e aprobadas na Mesa Sectorial de Sanidade con data do 31 de xaneiro de 2014, publicadas á disposición das persoas interesadas na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es).

Terceiro. Esta resolución producirá os seus efectos a partir do mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2014

Margarita Prado Vaamonde
Directora xeral de Recursos Humanos





ANEXO

Categoría	Composición	Apelidos e nome	
Médico de urxencias hospitalarias	Presidente titular	Muñoz López, Ramón	Persoal estatutario licenciado sanitario. Urxencias hospitalarias
	Secretario titular	López Suárez, Alberto	Persoal estatutario de xestión e servizos. Técnico da función administrativa
	Vogais titulares	Solloso Blanco, M ^a del Carmen	Persoal estatutario licenciado sanitario. Urxencias hospitalarias
		Vázquez Lima, Manuel José	Persoal estatutario licenciado sanitario. Urxencias hospitalarias
		Villena García del Real, Henrique	Persoal estatutario licenciado sanitario. Urxencias hospitalarias
	Presidenta suplente	Rey González, M ^a Felisa	Persoal estatutario licenciado sanitario. Urxencias hospitalarias
	Secretario suplente	Sampedro Morandeira, José Luis	Persoal estatutario de xestión e servizos. Técnico da función administrativa
	Vogais suplentes	Benito García, José Ignacio	Persoal estatutario licenciado sanitario. Urxencias hospitalarias
		De la Cámara Gómez, María	Persoal estatutario licenciado sanitario. Urxencias hospitalarias
		Villarino Otero, M ^a José	Persoal estatutario licenciado sanitario. Urxencias hospitalarias

